

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Modificación puntual do acordo regulador nº 1 do prezo público por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socioeducativas*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carral, en uso da atribución delegada polo Pleno conforme os artigos 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e 23.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, aprobou por unanimidade dos seus membros presentes na súa sesión ordinaria do 8 de abril de 2016 a proposta de modificación puntual do acordo regulador nº 1 do prezo público por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socioeducativas, modificando o seu artigo 4º. Epígrafes 1 e 5, que quedan redactados como segue:

#### **“PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR Nº 1 DO PREZO PÚBLICO POR ACTIVIDADES DEPORTIVAS, CULTURAI, XUENÍS E SOCIOEDUCATIVAS.**

D. José Luis Fernández Mouriño, alcalde do Concello de Carral, á vista das propostas presentadas por Da. Margarita Ramilo Varela, como Concelleira de Cultura, de data 30 de outubro de 2015 e conforme as Memorias Técnico- Económica presentada polo Técnico de Cultura e Deportes, D. Carlos Lorenzo Pérez, e a presentada por D. Rubén Regueira Moar, como Concelleiro de Xuventude e deporte, PROPÓN á Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da Intervención Municipal, a aprobación da modificación do seguinte artigo do acordo regulador nº 1 do prezo público por actividades deportivas, culturais, xuvenís e socioeducativas, para adecuarse a estes cursos e outros de similares características, que quedaría redactado da seguinte forma:

#### **“ARTIGO 4.º.- TARIFAS**

O prezo público que se debe pagar ó Concello polos servizos deportivos, culturais, xuvenís e socioeducativas municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

**Epígrafe 1. Servizo de escolas deportivas e culturais municipais. Tarifas: (solo se prestarán cando exista un mínimo de quince alumnos o inicio do curso).**

CONCEPTO	Tarifa curso 8 meses	Tarifa/mes
Escola deportiva de natación	155.00 €	22.00 €
Escola deportiva de tenis	155.00 €	22.00 €
Escola de piano e solfeo	280.00 €	40.00 €
Escola de Teatro (2 horas semanais) (mínimo 7 persoas)	125.00 €	18.00 €
Escolas deportivas ou culturais (2 horas semanais)	98.00 €	14.00 €
Escolas deportivas ou culturais (3 horas semanais)	105.00 €	15.00 €
Escolas deportivas ou culturais (4 horas semanais)	112.00 €	16.00 €
Descontos familias numerosas	-3 €/actividade	
Descontos membros terceira idade (salvo as específicas deles) e minusválidos	-3 €/actividade	
Descontos voluntarios protección civil	-3 €/actividade	

**Epígrafe 5. Actividades durante as vacacións escolares e outras actividades. Tarifas:**

CONCEPTO	Tarifa/curso
Roteiro “20 km. Cultura con camiño” (entre 25 e 50 persoas por roteiro)	15.00 €
Outros cursos de ate 6 horas (mínimo 12 e máximo 20 persoas)	15.00 €
Outros cursos de 6 a 12 (mínimo 12 e máximo 15 persoas)	35.00 €
Outros cursos de 12 a 24 h (mínimo 12 e máximo 15 persoas)	50.00 €
Outros cursos de 24 a 35 h (mínimo 12 e máximo 15 persoas)	75.00 €
Outros cursos de 35h a 50h (mínimo 12 e máximo 15 persoas)	100.00 €
Outros cursos de 50 a 70 h (mínimo 12 e máximo 15 persoas)	150.00 €
Curso de Monitor de Tempo Libre (mínimo 20 alumnos)	215.00 €

Asemade, a Xunta de Goberno Local do Concello ordenou a publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Contra o acordo que se publica, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición perante o Pleno do Concello no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano desa xurisdición e no prazo establecidos na Lei 29/1998, do 18 de xuño, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Carral, 12 de abril de 2016

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouriño

---

2016/2832